

Explora Europa en tren!

CONCURSO DE FOTO DE MÓBIL "InterRail 2010"

renfe

InterRail



Como todos os anos, a través dun convenio con RENFE, a Concellaría de Xuventude regala dous billetes InterRail para mozos/as da nosa cidade, co obxecto de que a mocidade teña a oportunidade de viaxar por Europa e gozar dunha experiencia inesquecible.

Este ano propoñémosvos gañar eses billetes a través dun concurso de fotografía co móbil.

Tema: As fotografías versarán sobre a temática dos deportes urbanos: parkour, skate, bmx... e deberán estar tomadas no Municipio de Vigo.

Categorías:

- a) De 15 a 17 anos.
- b) A partir de 18 anos e ata os 30 anos.

Os participantes deberán ter a idade requirida no momento de recibir o premio, no seu caso.

Os/as menores de idade deberán presentar, no caso de ser premiados/as, unha autorización paterno/materna para poder recibir o premio.



Condições de presentación:

- 1.- Poderán optar a este concurso calquera moza ou mozo do Municipio de Vigo interesada/o en participar.
 - 2.- As fotografías deberán enviarse como arquivo adxunto ao correo electrónico xuventude@vigo.org poñendo no correo CONCURSO InterRail. Cada foto deberá ir co título correspondente. Ademais, no correo deberá figurar un texto cos seguintes datos persoais do/a autor/a: Nome e apelidos, DNI, enderezo completo e teléfonos, data de nacemento. Estes datos serán gardados e numerados ata que o xurado decida as fotos premiadas. O xurado estará composto por técnicos/as da Concellaría de Xuventude e por un/unha profesional da fotografía.
 - 3.- Poderán enviarse un máximo de 2 fotos por persoa.
 - 4.- Quedan excluídas as diapositivas e os retoques dixitais.
 - 5.- Deberán ser orixinais e non premiadas noutras convocatorias.
 - 6.- A Concellaría de Xuventude resérvase o dereito de decidir si os arquivos de usuario cumpren cos requisitos de contido estipulados e poderá eliminar ditos arquivos obxectivamente imprecisos, ofensivos, ou cuestionables por razóns éticas ou legais.
 7. - O prazo de recepción rematará o **19 de maio de 2010**.
 - 8.- O fallo darase a coñecer o día 18 de xuño e a entrega de premios terá lugar o mércores 23 de xuño no Punto Xove da Concellaría de Xuventude.
 - 9.- Os/as premiados/as que realicen a viaxe terán un compromiso coa Concellaría de Xuventude para dar a coñecer a experiencia , tanto aportando fotos da viaxe para unha futura exposición , coma con outras actividades que lles sexan requiridas e relacionadas coa súa experiencia ao respecto.
 - 10.- A presentación a este concurso supón a aceptación destas bases.
 - 11.-O xurado pode deixar deserto o premio de calquera categoría se considera que as fotografías presentadas non reúnen a calidade mínima necesaria.
 - 12.-En cumprimento da Lei Orgánica 15/1999 do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, os datos serán tratados de forma confidencial. Poderán ser incorporados a un ficheiro do que é responsable a Concellaría de Xuventude do Concello de Vigo, e serán empregados unicamente dentro do ámbito desta Concellaría para posteriores comunicacións informativas.
- En calquera momento poderá exercer os seus dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición, comunicándoo por escrito a xuventude@vigo.org

Premios:

Categoría de 18 a 30 anos

1º premio: UN PREMIO DOBRE InterRail. Permitindo a viaxe gratuíta en tren para dúas persoas, na modalidade do Billete "GLOBALES FLEXIS". Esta modalidade permite viaxar en tren, durante 10 días, por máis de 30 países nun prazo de 22 días.



Categoría xuvenil de 15 a 17 anos

Outorgaranse 4 premios: un marco dixital a cada premiado.